



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2022/51020.- Aprobación das bases do I Premio “Xoán Vicente Viqueira” de Investigación en Ciencias Sociais, Humanidades, Sustentabilidade e Innovación

I Premio “Xoán Vicente Viqueira” de Investigación en Ciencias Sociais, Humanidades, Sustentabilidade e Innovación

En memoria do filósofo, psicólogo e escritor Xoán Vicente Viqueira Cortón, e coa finalidade de recoñecer a actividade de investigación e innovación levada a cabo por persoas ou entidades que teñan destacado no ámbito das ciencias sociais e humanidades, a Deputación da Coruña convoca a I edición do Premio “Xoán Vicente Viqueira” de Investigación en Ciencias Sociais, Humanidades, Sustentabilidade e Innovación, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira.-

Poderán presentar candidaturas para a concesión do premio todas as persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades de investigación e innovación no ámbito das ciencias sociais e humanidades.

As persoas que formaren parte do xurado poderán propor candidaturas que deberán facer chegar ao resto das persoas integrantes do xurado cando menos 72 horas antes da sesión de deliberación.

Así mesmo, calquera socio do Instituto de Estudos e Investigación Psicosocial “Xoán Vicente Viqueira” poderá achegar unha candidatura ou avalar unha candidatura presentada por calquera persoa ou entidade allea ao Instituto, pero debidamente argumentada.

Nas candidaturas poderán propoñer calquera persoa ou entidade ligada a proxectos que se desenvolvan ou relacionen coa investigación e innovación no ámbito das ciencias sociais e humanidades e que teñan a súa residencia ou sede social no territorio español.

Só se admitirá unha candidatura por persoa física ou xurídica.

Non se poderán propoñer autocandidaturas.

A convocatoria tramitase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática:

Quen presente a candidatura deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital.

Segunda.-

Establécense tres premios, dotados con **6.500 €** cada un deles, para cada unha das seguintes modalidades:

a.- Premio á traxectoria de vida adicada á investigación nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social ao longo dos últimos 30 anos.

b.- Premio á innovación científica nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social.

c.- Premio á calidade dun traballo de investigación realizado por unha persoa investigadora nova nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social.

Os traballos das modalidades a) ou b) estarán realizados por unha persoa, institución, organismo, empresa, entidade pública ou privada ou colectivo.

O traballo da modalidade c) estarán realizados por un investigador ou investigadora novo/a con idade máxima de 35 anos.

Os premios poderán quedar desertos e tamén ser concedidos con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas e/ou entidades que resultaren premiadas.

Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle foren aplicables.

Os premios non poderán concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se a beneficiaria falecese despois do fallo do xurado (no caso de persoas físicas).

Terceira.-

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a candidatura.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cubran os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Cuarta.-

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

- Memoria explicativa do proxecto no que se recollan os datos seguintes da persoa/entidade proposta:
 - Nome da persoa, institución, organismo, empresa, entidade ou colectivo; NIF
 - Nome representante, NIF
 - Enderezo postal
 - Teléfono
 - Enderezo electrónico
 - Enderezo web
- Méritos que se alegan para a proposta de candidatura, tendo en conta os criterios explicados na base sexta desta convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos da candidatura proposta.
- Declaración de conformidade da persoa/entidade proposta coa presentación da candidatura.
- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no I Premio “Xoán Vicente Viqueira” de Investigación en Ciencias Sociais, Humanidades, Sustentabilidade e Innovación, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Acreditación da representación no caso de persoas xurídicas.

Quinta.-

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a presidencia da Deputación ou persoa en quen delegue e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social.

A Deputación nomeará a tres membros do xurado.

O concello de Bergondo nomeará a un membro do xurado.

O Instituto de Estudos e Investigación Psicosocial “Xoán Vicente Viqueira” nomeará a un membro do xurado.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se for o caso, os recursos legais pertinentes.

Sexta.-

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

Para conceder os premios o xurado terá en conta os seguintes criterios:

a.- Premio á traxectoria de vida adicada á investigación nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social ao longo dos últimos 30 anos.

- Cualificación do/a investigador ou investigadora a nivel internacional. Recoñecemento científico por parte de institucións ou entidades relacionadas coa investigación científica no ámbito das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social.

- Impacto do seu traballo científico no ámbito social, académico e de transferencia á sociedade, empresas ou á comunidade.

- Publicacións no ámbito do premio.

b.- Premio á innovación científica nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social.

- Calidade científica do seu traballo no ámbito social, académico e de transferencia á sociedade, empresas ou á comunidade.

- Publicacións que supoñen innovación no ámbito do premio e son referenciadas por outros profesionais do seu campo.

- Capacidade de transferencia da investigación e innovación no ámbito da empresa, á comunidade ou á sociedade en xeral.

c.- Premio á calidade dun traballo de investigación realizado por unha persoa investigadora nova nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social.

- Cualificación do/a investigador ou investigadora a nivel nacional e internacional.

- Publicacións en revistas científicas con índice de impacto.

- Valoración do traballo por parte doutras institucións e referencias ao traballo nos índices científicos do campo.

- Valor atribuído da transferencia do coñecemento da investigación á sociedade ou á empresa.

O xurado poderá valorar outros méritos, que dará a coñecer, das persoas, colectivos ou entidades que se propoñan.

O xurado presentará a súa proposta á presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder o premio.

O veredicto do xurado será inapelable e será dado a coñecer a través da páxina web da Deputación.

Sétima.-

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Oitava.-

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación provincial para coordinar o premio, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante lle outorga á Deputación provincial coa súa sinatura. No caso de que sexa denegado o

consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao Premio por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a súa portabilidade en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación sitas na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao enderezo delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal. Pode consultar a política de privacidade da Deputación no enderezo [//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade](http://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade).

A Coruña, 2 de decembro de 2022

O presidente,

Valentín González Formoso

O secretario acctal.,

Miguel Iglesias Martínez

2022/7710